REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 03.07.2018 Hora: 10:30

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 3 de xullo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

1.1 29732 (10/POC-004739)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación laboral do profesorado en Galicia, e as súas previsións respecto da apertura dunha negociación coas organizacións sindicais para recuperar os dereitos recortados nos últimos anos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 297, do 26.04.2018

1.2 30098 (10/POC-004791)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido ao consenso coa Federación Galega de Municipios e Provincias, a Igrexa católica e a Administración central para a elaboración dun plan de eliminación dos elementos de exaltación do franquismo que subsisten en Galicia, así como o prazo estimado para o seu remate
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 300, do 04.05.2018

1.3 30201 (10/POC-004803)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego no ámbito educativo en relación coa Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, a suficiencia das actuacións levadas a cabo para o cumprimento dos seus obxectivos e as novas medidas que vai adoptar para o seu desenvolvemento, así como a súa valoración respecto do grao de cumprimento do protocolo educativo asinado en 2015
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 302, do 09.05.2018

1.4 32172 (10/POC-005060)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 7 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa implantación de novos graos nas universidades de Galicia e as novidades previstas nelas respecto da implantación de graos en lingua inglesa

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 323, do 20.06.2018

Punto 2. Proposicións non de lei

32020 (10/PNC-002606)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xornada lectiva e o transporte escolar dos CEIP de Seixalbo, do Carballiño e de Cea
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 319, do 13.06.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2018

Antonio Mouriño Villar
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Antonio Mouriño Villar	P
Vicepresidenta	
Teresa Egerique Mosquera	P
Secretaria	
Luca Chao Pérez	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
María de la Concepción Burgo López	S
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
César Manuel Fernández Gil	P
Carlos Gómez Salgado	P
María Isabel Novo Fariña	P
Olalla Rodil Fernández	BNG

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura
Día: 03.07.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura
Día: 03.07.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 29732(10/POC-004739)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación laboral do profesorado en Galicia, e as súas previsións respecto da apertura dunha negociación coas organizacións sindicais para recuperar os dereitos recortados nos últimos anos

Publicación da iniciativa, 297, 26.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 17:56
Nº Rexistro: 29732
Data envio: 19/04/2018 17:56:44.808

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Ana Pontón Mondelo**, **Montserrat Prado Cores**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre as condicións laborais do profesorado galego.

Os recortes orzamentarios e as sucesivas reformas que atinxiron o profesorado dos centros de ensino galegos tiveron enormes consecuencias que empeoraron as súas condicións laborais e salariais.

O aumento de horas lectivas, a obriga de asumiren unha maior carga de traballo administrativa e burocrática, as reducións dos cadros de persoal como resultado da imposición de taxas de reposición ou a perda de poder adquisitivo, son algunhas das denuncias do profesorado.

Nos últimos anos, o Partido Popular desde a Xunta de Galiza vén defendendo no seu discurso que nos atopamos nun proceso de recuperación económica. Porén, nin o conxunto da clase traballadora, nin o persoal da función pública, nin en particular o profesorado, percibe na suposta saída da crise, unha recuperación dos dereitos laborais e salariais recortados durante os últimos anos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 17:56
Nº Rexistro: 29732
Data envio: 19/04/2018 17:56:44.808

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como valora o Goberno galego a situación que atinxe o profesorado do ensino obrigatorio no noso país?

- Pensa abrir unha negociación a Xunta de Galiza coas organizacións sindicais para recuperar os dereitos que lles foron recortados nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Noa Presas Bergantiños
Montserrat Prado Cores
Xosé Luis Rivas Cruz
Luis Bará Torres
Ana Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 17:54:33

María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 17:54:37

Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 17:54:39

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 17:56
Nº Rexistro: 29732
Data envio: 19/04/2018 17:56:44.808

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 17:54:40

Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 17:54:41

Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 17:54:44

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura
Día: 03.07.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 30098(10/POC-004791)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido ao consenso coa Federación Galega de Municipios e Provincias, a Igrexa católica e a Administración central para a elaboración dun plan de eliminación dos elementos de exaltación do franquismo que subsisten en Galicia, así como o prazo estimado para o seu remate

Publicación da iniciativa, 300, 04.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 16:33
Nº Rexistro: 30098
Data envio: 26/04/2018 16:33:11.830

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Juan Díaz Villoslada, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

A Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura, establece no seu artigo 15 sobre símbolos e monumentos públicos o seguinte:

"1. As Administracións públicas, no exercicio das súas competencias, tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura. Entre estas medidas poderá incluírse a retirada de subvencións ou axudas públicas.

2. O previsto no apartado anterior non será de aplicación cando as mencións sexan de estrito recordo privado, sen exaltación dos enfrontados, ou cando concorran razóns artísticas, arquitectónicas ou artístico-relixiosas protexidas pola lei.

3. O Goberno colaborará coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais na elaboración dun catálogo de vestixios relativos á Guerra Civil e á Ditadura para os efectos previstos no apartado anterior.

4. As Administracións públicas poderán retirar subvencións ou axudas aos propietarios privados que non actúen do modo previsto no apartado 1 deste artigo ."

No preámbulo da lei explícanse as razóns polas que se inclúen estas medidas: "*Establécense, así mesmo, unha serie de medidas en relación con os símbolos e monumentos conmemorativos da Guerra Civil ou da*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 16:33
Nº Rexistro: 30098
Data envio: 26/04/2018 16:33:11.830

Ditadura, sustentadas no principio de evitar toda exaltación da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura, no convencemento de que os cidadáns teñen dereito a que así sexa, a que os símbolos públicos sexan ocasión de encontro e non de enfrontamento, ofensa ou agravio"

A pesar diso, e do tempo pasado, quedan moitos símbolos do franquismo en edificios públicos e relixiosos en Galicia sen que se faga nada para cumprir a lei, o que cremos que non se pode permitir. Debemos tomar todas as medidas necesarias para terminar con esta presencia de elementos conmemorativos ou exaltadores da ditadura franquista.

Por iso, no último debate do estado da autonomía e con ánimo de que a Xunta se involucrara nunha política de memoria histórica, transaccionamos co PP unha resolución que di textualmente:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a consensuar coa Federación Galega de Municipios e Provincias, coa Igrexa católica e coa Administración xeral do Estado, un plan de eliminación dos elementos de exaltación do franquismo que subsisten en Galicia, conforme o establecido na Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor das persoas que padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura.»

Consideramos que soamente conseguiremos terminar coa simboloxía franquista se todos os que teñen responsabilidades co tema se unen, e a Xunta de Galicia é claramente a que ten que levar a iniciativa do tema e conseguir o consenso, pero pasan os meses e non sabemos nada sobre este acordo. Non sabemos que fixo a Xunta de Galicia nin sequera se comezou as conversas coa Federación Galega de Municipios e Provincias, coa Igrexa e coa administración central, para poñer en marcha a desaparición dos elementos de exaltación do franquismo. Mais ben temémonos o contrario, ao xulgar por algunhas contestacións dadas pola Xunta no Parlamento de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 16:33
Nº Rexistro: 30098
Data envio: 26/04/2018 16:33:11.830

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª.) Que accións levou a cabo ata o momento a Xunta de Galicia para acordar coa Federación de Municipios e Provincias de Galicia a Igrexa e a Administración central un plan de eliminación dos elementos de exaltación do franquismo que subsisten en Galicia tal como se acordou no Parlamento de Galicia?

2ª.) Estableceuse algún convenio ou acordo con algún deles?

3ª.) Que pensa facer a Xunta para conseguir este plan de eliminación de símbolos franquista?

4ª.) Neste tempo eliminouse algún elemento de exaltación da ditadura presente en edificios públicos ou da igrexa?

5ª.) Cando considera a Xunta de Galicia que terá concluído o plan de eliminación de elementos de exaltación do franquismo que lle ordenou facer o Parlamento de Galicia?

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 26/04/2018 16:32:28

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 26/04/2018 16:32:38

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 26/04/2018 16:32:47

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura
Día: 03.07.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.3 30201(10/POC-004803)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego no ámbito educativo en relación coa Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, a suficiencia das actuacións levadas a cabo para o cumprimento dos seus obxectivos e as novas medidas que vai adoptar para o seu desenvolvemento, así como a súa valoración respecto do grao de cumprimento do protocolo educativo asinado en 2015

Publicación da iniciativa, 302, 09.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 11:10
Nº Rexistro: 30201
Data envio: 30/04/2018 11:10:33.044

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre as medidas previstas na Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza en materia de educación.

A da Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza foi aprobada en abril de 2014, hai catro anos. Ao longo deste tempo foron apenas unhas poucas accións as que ten desenvolvido a Xunta de Galiza no marco da súa aplicación como o reparto de cartaces entre os centros de ensino públicos co lema 'Eu respecto'. Porén, fican moitos aspectos recollidos na mesma que non foron desenvolvidos nin aplicados.

Entre eles, a disposición adicional única que obriga o Goberno galego a remitir ao Parlamento, con carácter trianual, un informe sobre a aplicación da devandita lei. Cómpre subliñar que ese período de tempo esgotou hai un ano.

No seu articulado, a lei prevé actuacións específicas no ámbito educativo sendo este un espazo de socialización fundamental e un eido chave para construír unha sociedade equitativa.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 11:10
Nº Rexistro: 30201
Data envio: 30/04/2018 11:10:33.044

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Até o de agora, poucas foron as actuacións desenvolvidas polo Goberno galego en materia de inclusión da realidade LGBTi nos plans de estudo (artigo 22), formación do persoal docente (artigo 24), divulgación da realidade LGBTi entre a comunidade educativa, especialmente as ANPAs (artigo 25) ou encamiñadas a combater o acoso e favorecer a visibilidade (artigo 26) máis alá do protocolo educativo asinado en 2015 ou a distribución de cartaces co lema 'Eu respecto' nos centros de ensino.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Que medidas ten adoptado o Goberno galego a respecto da Lei 2/2014 no ámbito educativo?

- Cre suficiente o feito para cumprir cos obxectivos previstos na devandita lei?

- Que outras medidas prevé adoptar a Xunta de Galiza encamiñadas a desenvolver a Lei 2/2014?

- Como valora o Goberno galego o grao de cumprimento do Protocolo educativo asinado en 2015?

- Ten detectado algunha eiva na súa aplicación? Cal é o grao de difusión e coñecemento deste Protocolo entre a comunidade educativa?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 11:10
Nº Rexistro: 30201
Data envio: 30/04/2018 11:10:33.044

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai introducir melloras que actualicen esta ferramenta?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 30/04/2018 10:53:54

María Montserrat Prado Cores na data 30/04/2018 10:54:01

Ana Pontón Mondelo na data 30/04/2018 10:54:03

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/04/2018 10:54:04

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 11:10
Nº Rexistro: 30201
Data envio: 30/04/2018 11:10:33.044

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 30/04/2018 10:54:06

Xosé Luis Bará Torres na data 30/04/2018 10:54:07

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura
Día: 03.07.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.4 32172(10/POC-005060)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 7 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa implantación de novos graos nas universidades de Galicia e as novidades previstas nelas respecto da implantación de graos en lingua inglesa

Publicación da iniciativa, 323, 20.06.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32172
Data envio: 08/06/2018 14:28:27.876

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e **Encarna Amigo Díaz,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

A Xunta de Galicia e as tres universidades públicas galegas veñen traballando dentro do Sistema Universitario de Galicia (SUG) na reforma, consolidación e modernización da universidade galega en xeral e do mapa de titulacións universitarias da Comunidade Autónoma en particular.

Estas melloras veñen facéndose con diversas medidas, pero é especialmente importante a implantación dun plan de Excelencia Universitaria que presta especial atención á investigación e internacionalización para seguir na senda da mellora.

En definitiva, o Goberno galego, en colaboración coas tres institucións académicas, traballa para seguir construíndo a Universidade do século XXI, definida polo propio conselleiro a través dun "triplo e": Eficiencia, Especialización e Excelencia.

O pasado novembro de 2017, o Goberno Galego aprobou este plan de excelencia do sistema universitario que impulsará 10 medidas, entre as que destacan a creación de graos en inglés, bolsas para recoñecer aos mellores alumnos e fomentar a transferencia de coñecemento á sociedade, entre outras.

Unha folla de ruta para o trienio 2018-2020, aberto a achegas que poidan melloralo, e co obxectivo de que as universidades galegas poidan dar un novo salto de calidade.

Este Plan de excelencia do Sistema Universitario de Galicia inclúe 10 medidas concretas, algunhas delas pioneiras en España, cun prazo de introdución áxil e realista, e, con esta iniciativa refórzase un dos piares esenciais da Universidade do futuro: a súa calidade.

Paralelamente, e tamén por acordo unánime dentro do SUG, o próximo curso académico incorporara novos graos nas tres universidades galegas.

E por elo, que os deputados asinantes facemos as seguintes preguntas en Comisión:

1. Cal é a valoración do Goberno sobre a implantación de novos graos nas universidades galegas?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32172
Data envio: 08/06/2018 14:28:27.876

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

2. Que novidades están previstas nas universidades galegas sobre a implantación de graos en inglés?

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 08/06/2018 14:25:46

César Manuel Fernández Gil na data 08/06/2018 14:25:56

Maria Antón Vilasánchez na data 08/06/2018 14:25:59

Teresa Egerique Mosquera na data 08/06/2018 14:26:04

Carlos Gómez Salgado na data 08/06/2018 14:26:13

María Isabel Novo Fariña na data 08/06/2018 14:26:22

Antonio Mouriño Villar na data 08/06/2018 14:26:29

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/06/2018 14:26:37

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura
Día: 03.07.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura
Día: 03.07.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.1 32020(10/PNC-002606)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xornada lectiva e o transporte escolar dos CEIP de Seixalbo, do Carballiño e de Cea

Publicación da iniciativa, 319, 13.06.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 12:30
Nº Rexistro: 32020
Data envio: 07/06/2018 12:30:28.549

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na Comisión 4.ª**,** relativa ao cambio de xornada lectiva nos centros CEIP de Seixalvo, CEIP Plurilingüe do Carballiño e CPI Virxe da Saleta de Cea.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 22 de maio os medios públicos fixéronse eco dun "histórico conflito de horarios" do Colexio Ben-Cho- Shei de Pereiro de Aguiar en Ourense. A titular de Infraestruturas, Ethel Vázquez, acompañada da Delegada da Xunta, Marisol Díaz, e o Secretario Xeral de Educación, Jesús Oitavén, reuníronse coa Asociación de Nais e Pais (Anpa) do centro.

Adiantarase o horario unha hora para que os nenos e nenas non se esgoten tendo que pasar tanto tempo no centro, como ocorre nos demais colexios da cidade e para que os pais e nais poidan conciliar as súas vidas laborais e familiares. Polo tanto, no vindeiro curso será posible atender a demanda de cambio de horario escolar habilitando 5 novos autobuses cos seus respectivos acompañantes. A mellora será posible grazas a un orzamento de 92.000 € anuais, compartidos entre as Consellerías de Infraestruturas e Educación. No mes de setembro será validado pola comunidade educativa.

Esa medida de racionalización é a mesma que demandan hai tempo as anpas e direccións dos centros: CEIP de Seixalvo, CEIP Plurilingüe do Carballiño e CPI Virxe da Saleta de Cea. Porén é importante ter en conta a outras asociacións que están na mesma situación que o Colexio Ben-Cho-Shei e que teñen

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 12:30
Nº Rexistro: 32020
Data envio: 07/06/2018 12:30:28.549

demandado solucións similares. Segundo a Conselleira de Infraestruturas, Ethel Vázquez, o seu obxectivo para 2019, aproveitando a caducidade de todas as concesións, é racionalizar e mellorar o transporte público en Galicia en base ás críticas construtivas que están recibindo. Analizarán caso por caso a atención a outras comunidades educativas que o requiran. Tamén afirmou que a Xunta está "aberta" a adaptar o transporte ás necesidades reais, sobre todo, do rural. Asegurou que xa se estudan outras necesidades de centro escolares, como o Calvo Sotelo do Carballiño.

O CEIP de Seixalvo conta na actualidade con 199 alumnos e alumnas de 152 familias pertencentes ao Concello de Ourense, pero ademais tamén doutros concellos estremeiros como San Cibrao das Viñas, Taboadela e parte de Paderne de Allariz, polo que a maioría dos nenos e nenas son transportadas dende o seu lugar de orixe ao centro educativo.

O seu horario escolar presenta dúas realidades: Nos meses de xuño e setembro en horario continuo de 9:30 a 14:30 horas con servizo de transporte e comedor.

O resto do ano académico en horario partido de 10:00 a 14:00 horas, comedor de 14:00 a 15:00 horas, actividades extraescolares de 15:00 a 16:00 e unha hora máis de aulas a continuación, ata as 17:00 horas.

Moitos dos cativos que cursan a etapa de Infantil en unitarias da zona gozan da xornada única durante tres anos para logo atoparse cos problemas que supón este horario do CEIP de Seixalbo unha vez que pasan a cursar a etapa de primaria neste centro. Resulta incomprensible e antipedagóxico que os nenos e nenas xusto ao rematar o comedor (de 14:00 a 15:00 horas) realicen actividades extraescolares deportivas, musicais, artísticas, etc… (de 15:00 a 16:00 horas) para a continuación ter que tornar de novo ás aulas unha hora máis (de 16:00 a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 12:30
Nº Rexistro: 32020
Data envio: 07/06/2018 12:30:28.549

17:00 horas) de materias curriculares. Asemade o remate da xornada ás cinco da tarde, obriga ao alumnado a realizar outro tipo de actividades programadas polo concello ou outros organismos sen ter descansado antes ou sen ter realizadas as tarefas escolares para a xornada seguinte.

A maioría da comunidade educativa do CEIP Seixalbo solicita que se manteña a xornada lectiva de xuño e setembro de 9:30 a 14:30 horas co mesmo servizo de transporte e comedor. Este horario permite que o alumnado teña acceso ás actividades extraescolares unha vez rematado o período lectivo, ou que poidan descansar, xogar, continuar coa súa formación, tempo de ocio, etc. A diferenza doutros centros educativos de Ourense que gozan dunha xornada continuada, o alumnado do CEIP Seixalbo está a sufrir as graves consecuencias dunha xornada partida sen máis xustificación que a negativa do transporte a manter o horario continuado todo o ano.

O CEIP de O Carballiño conta con 546 alumnos/as, aínda que deberan ser máis. Réstanlles matriculación colexios de centros estremeiros que teñen mellor horario e recursos complementarios que o deles: son Maside, Boborás, e O Irixo. Contan con 13 liñas de autobús. Todas as empresa fan a maioría das rutas. Poderían cambialas e adaptarse ás necesidades. O horario escolar, agás en xuño e setembro é: de luns a xoves de 10:15 ás 13:45 h e de 15:15 ás 17:15h. Os venres de 10:15 ás 13:15 h.

Neste centro xa se fixo a enquisa sobre o cambio de horario do centro, en marzo deste ano, e os resultados foron a favor con el 95%. (votaron SI: 333, Non: 39 e houbo 3 votos en branco). O horario tamén é distinto nos meses de xuño e setembro: 9:45 á 14:30; e os de comedor de 14:30 ás 15:30. O resto do ano (de luns a xoves) : 10:15 ás 13:45; Comedor de 13:45 ás 15:15. Tarde: de 15:15 ás 17:15h. Venres: 10:15h ás 13:15h; comedor de 13:15h ás 14h.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 12:30
Nº Rexistro: 32020
Data envio: 07/06/2018 12:30:28.549

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Ás familias desta Vila élles imposible conciliar a vida familiar e laboral polo horario e a falla de prazas de comedor. Son as nais as que soportan a "situación " de non poder acceder ao mercado laboral despois de ter aos seus fillos e fillas ao ter que retrasalo de forma indefinida, con todo o que iso supón. E o máis importante, o horario é antipedagóxico.

No caso do CPI Virxe da Saleta, o seu horario está tamén condicionado polo servizo de transporte escolar, pois comparte autobuses con varios centros da comarca. A hora de entrada é ás 10:30 horas, sendo o ultimo centro ao que acoden os autobuses. O alumnado de primaria e infantil xanta ás 14:30, e non entra ás aulas de novo ata as 16:30 os luns e martes e as 16:15 os mércores, xoves e venres. Este tempo é excesivo e innecesario, e no caso de primaria, tamén se desenvolven actividades extraescolares organizadas pola ANPA, intentando aproveitar dalgún xeito o oco. No caso de secundaria, a hora do xantar é ás 15:00h, ten dúas aulas pola tarde os luns e martes, entrando ás 15:50h, e os outros días entran as 16:25h. A xornada remata ás 17:30 os luns e martes e ás 17:15 os mércores, xoves e venres. Algúns alumnos xa teñen manifestado o seu malestar por chegar tan tarde á casa, o que dificulta a realización doutras actividades, ademais das tarefas escolares. En numerosas ocasións realizáronse intentos de buscar un horario máis pedagóxico, pero sempre se atoparon coa imposibilidade de desbloquear o tema do transporte, pois suporía un investimento por parte da Consellería que non foi viable ata o día de hoxe.

As comunidades educativas esperan, que non haxa agravios comparativos nin diferentes tratos. As súas críticas son totalmente construtivas. Nos centros dos que falamos tamén poderían referendar a súa demanda coa a maioría de pais, nais e docentes.

Por todo o dito, presentase a seguinte Proposición non de lei:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 12:30
Nº Rexistro: 32020
Data envio: 07/06/2018 12:30:28.549

GRUPO PARLAMENTAR en marea

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a coordinarse coa Consellería de Infraestruturas e cambiar a xornada lectiva dos Centros CEIP de Seixalvo, O CEIP Plurilingüe de O Carballiño e o CPI Virxe da Saleta de Cea e a incrementar o servizo de transporte escolar se non garante a satisfacción das necesidades das comunidades educativas, do mesmo xeito que acaba de facer co Colexio Ben-Cho- Shei de Pereiro de Aguiar en Ourense.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,
Luca Chao Pérez,
Deputadas do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/06/2018 11:53:43

Luca Chao Pérez na data 07/06/2018 11:53:50

Luis Villares Naveira na data 07/06/2018 11:53:58